



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Centro Integrado de Atención de Emerxencias 112 Galicia

Edificio CIAE
Avd. da Cultura s/n.
Cp 36680 A Estrada
Pontevedra
Teléfono **112**
Telefax 886 152 590
112galicia@xunta.es
www.axega112.gal



AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS DE GALICIA
AXEGA

DATA DE ENVIO: 13/03/2020

Por mor da declaración da situación de emerxencia de interese galego, con efectos ás 00:01 do día de 14 de marzo de 2020, o Consello da Xunta activa o plan territorial de emerxencias de Galicia, PLATERGA, en nivel interese galego, IG.

A activación do PLATERGA en nivel IG permite unificar na Presidencia da Xunta a dirección de todas as actuacións que deban desenvolverse para o control da emerxencia. Así mesmo, permite dispor do marco para a planificación de todas as accións para a xestión desta situación de emerxencia, establecendo, entre outros, as instrucións a levar a cabo para permitir a mobilización dos recursos humanos e materiais necesarios para a protección de persoas e bens. Deste modo, preténdese garantir o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega, conforme ás medidas que constan no Acordo do Consello da Xunta que se adoptaron no día de hoxe, publicadas no Diario Oficial de Galicia por Resolución da mesma data, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

DEBEN ADOPTAR AS MEDIDAS PREVENTIVAS NECESARIAS E NO SEU CASO, ALERTEN OU MOBILICEN OS MEDIOS E RECURSOS DISPOÑIBLES.

No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA,

Rev2



Xacobeo 2021

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112
Galicia

